



Concello de Vilalba

BASES PREMIOS "V GALA DO DEPORTE MUNICIPAL" CONCELLO DE VILALBA 2023

Coa idea de premiar a deportistas, técnicos, entidades deportivas e figuras importantes na labor de fomento/promoción do deporte e da actividade física na nosa localidade, para a tempada 2021/2022, o Concello de Vilalba celebra a **V GALA DO DEPORTE MUNICIPAL- CONCELLO DE VILALBA 2023**, que terá lugar o día **28 de xaneiro de 2023**, no Auditorio Carme Estévez de Vilalba a partir das 20:00 h.

O motivo ou xustificación para tal evento, non é outro que o recoñecemento ou premio, os valores do deporte e da actividade física coma poden ser o traballo, a constancia, o esforzo, sacrificio, dedicación, organización, labor desinteresado, etc.

Os premios da V Gala do deporte municipal rexeranse polas seguintes bases:

PRIMEIRO.-

O período de valoración dos resultados ou méritos adquiridos vai dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 01 de decembro de 2022.

SEGUNDO.-

Serán os propios clubs, institucións, asociacións, outras entidades e a veciñanza a través dunha consulta pública previa, quen propoñan aos seus deportistas, directivos, técnicos e colaboradores para recoñecer o seu labor, ben pola súa traxectoria deportiva, labor directivo ou de apoio o deporte en xeral dende o seu ámbito de actuación, debidamente documentado e xustificado en base a méritos deportivos obtidos.

Así mesmo, a comisión técnica (formada por membros representantes de organizacións deportivas do noso municipio), poderán nomear no apartado de mencións especiais, a quen crea axeitado, sempre xustificando ditos méritos ou labores deportivas.

A Comisión Técnica resérvase o dereito a suprimir, modificar ou ampliar as distintas categorías ou premios.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZ7WQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Vilalba

TERCEIRO.-

Tódalas propostas ou candidaturas deberanse presentar debidamente argumentadas no impreso do ANEXO I, II e III, co maior número de datos posibles dos logros acadados na tempada 2021/2022, coa correspondente xustificación (certificado federativo, certificado evento selado...etc).

Os anexos e a documentación presentarase a través da sede electrónica ou de xeito presencial no rexistro xeral do Concello de Vilalba.

CUARTO.-

As candidaturas deberán presentarse dentro dos prazos previstos segundo convocatoria. Toda candidatura asumirá as normas de participación, aceptará o proceso e veredicto final do xurado.

QUINTO.-

O xurado estará formado por:

- * O Concelleiro/a de Deportes (actuará como presidente da Comisión Técnica).
- * O técnico municipal de deportes do Concello de Vilalba.
- * 1 xornalista deportivo.
- * 1 deportista ou técnico vilalbés/a que non estea nomeado/a.
- * 2 suplentes

SEXTO.-

O listado dos membros da Comisión Técnica farase público con suficiente antelación, ós efectos da concorrencia dos supostos de abstención e recusación os que se refiren os artigos 23 e 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SÉTIMO.-

O procedemento de elección será o seguinte:

- Por cada categoría ou modalidade de premio, cada membro do xurado deberá cubrir unha papeleta onde elixirá 3 nomeados (de entre todos os/as candidatos/as) en relación os seus méritos e asignarlles un valor

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZVZWQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Vilalba

de “un”, “dous” ou “tres”, sendo “tres” a maior puntuación. O que máis puntos obteña será o gañador do premio correspondente.

- No caso de que exista empate, realizarase unha nova votación para os/as nomeados/as igualados/as. Se persiste o empate, prevalecerá o voto do presidente do xurado.

OITAVO.-

Para a constitución do xurado, será necesario a asistencia dos dous terzos do mesmo, na data escollida para a elección dos premiados. Así mesmo, deixarase constancia do proceso de selección en acta.

NOVENO.-

Os premiados deberán de cumprir a lo menos, un destes requisitos (común a tódalas categorías):

- a) Ser deportista vilalbés/a.
- b) Pertenza a equipos ou que proceda dos equipos de base da localidade.
- c) Clubs ou outras entidades ou asociacións deportivas que desenvolvan as súas actividades en Vilalba.
- d) Persoas físicas e xurídicas que estean vinculadas a información, promoción e fomento do deporte e a actividade física en Vilalba.

DÉCIMO.-

O premio consistirá nun detalle conmemorativo de Vilalba, que se fará entrega na Gala os/as premiados/as nas distintas categorías.

UNDÉCIMO.-

Todos aqueles casos non previstos nestas bases, serán resoltos polo xurado do evento.

DUODÉCIMO.-

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZ7WQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Vilalba

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios, web e redes sociais do Concello de Vilalba, así como en distintos medios de comunicación.

DÉCIMO TERCEIRO.-

O prazo de entrega de solicitudes de candidatos será de **10 días hábiles**, a partir do día seguinte da súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vilalba.

DÉCIMO CUARTO.-

1. Mellor deportista vilalbés/a 21/22.
2. Mellor equipo vilalbés/a 21/22.
3. Mellor deportista promesa vilalbés/a 21/22 (menor de 16 anos).
4. Mellor club ou entidade deportiva 21/22.
5. Mellor adestrador/a ou técnico/a deportivo 21/22.
6. Mellor club na labor no deporte base 21/22.
7. Mellor labor informativa/comunicativa 21/22.
8. Mellor traxectoria deportiva 21/22.
9. Mellor evento/actividade deportiva 21/22.
10. Mellor equipo/deportista con discapacidade 21/22.
11. Mención especial (sairán tres premiados como máximo, atendendo o criterio da Comisión Técnica).

ANEXO I FICHA NOMEAMENTO “V GALA DO DEPORTE- CONCELLO DE VILALBA”

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZVZWQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Vilalba

| DATOS PERSOAIS | |
|--------------------------|--|
| NOME DO/A NOMINADO/A | |
| LUGAR/ DATA DE NACEMENTO | |
| DISCIPLINA DEPORTIVA | |
| CLUBE AO QUE PERTENCE | |

| NOMEADO/A (marque cunha X) | |
|---|--|
| 1. Mellor deportista vilalbés/a 21/22. | |
| 2. Mellor equipo vilalbés/a 21/22. | |
| 3. Mellor deportista promesa vilalbés/a 21/22.(menor de 16 anos). | |
| 4. Mellor clube ou entidade deportiva 21/22. | |
| 5. Mellor adestrador/a ou técnico/a deportivo 21/22. | |
| 6. Mellor clube na labor no deporte base 21/22. | |
| 7. Mellor labor informativa/comunicativa 21/22. | |
| 8. Mellor traxectoria deportiva 21/22. | |
| 9. Mellor evento/actividade deportiva 21/22. | |
| 10. Mellor equipo/deportista con discapacidade 21/22. | |
| 11. Mencións especiais. | |

| MÉRITOS DEPORTIVOS/CURRÍCULUM |
|-------------------------------|
| |

| DATOS ENTIDADE QUE PRESENTA A PROPOSTA | |
|--|--|
| NOME COMPLETO | |
| CIF/ NIF | |
| CORREO ELECTRÓNICO | |
| TELÉFONO DE CONTACTO | |

Certifica que os datos incluídos nos méritos, currículum son totalmente certos.

Vilalba, ____ de _____ de 2022

ANEXO II AUTORIZACIÓN PARA DEPORTISTAS MENORES DE IDADE

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZVZWQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Vilalba

| AUTORIZACIÓN (cubrir só no caso de ser menor de idade) | |
|--|--|
| DISCIPLINA DEPORTIVA | |
| NOME E APELIDOS DEPORTISTA | |
| NIF DO/DA DEPORTISTA | |
| ENDEREZO DA DEPORTISTA | |
| NOME E APELIDOS NAI/PAI/TITOR | |
| NIF DA/O NAI/PAI/TITOR | |
| EN CALIDADE DE... | |

En relación coa achega por parte da entidade propoñente das reportaxes fotográficas ou audiovisuais dos/das deportistas nomeados/as para a súa exposición na “V GALA DO DEPORTE- CONCELLO DE VILALBA 23”, que se vai a celebrar o 28 de xaneiro de 2023 no Auditorio Carme Estévez de Vilalba, autorizo a que o Concello de Vilalba expoña as fotografías ao longo do desenrolo da citada Gala do Deporte, así como nas publicacións que sobre esta Gala se realicen.

Vilalba, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

ANEXO III

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZ7WQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7



Concello de Vilalba

V GALA DO DEPORTE MUNICIPAL VILALBA 2023

28 xaneiro de 2023 – Auditorio Carmen Estévez

Para celebrar da forma máis correcta a V Gala do Deporte Municipal, precisamos que, no caso de que resulten gañadores do premio, nos facilitedes o nome e apelidos da persoa que recollerá o mesmo. Ademais, tamén temos que saber se o premiado fará unha pequena intervención, dispoñendo como máximo de 1 minuto para dar unhas palabras. Estes datos tamén os precisamos no caso das mencións especiais.

Sinale cunha x, na columna da dereita, o premio ou mención ao que é candidato:

| | | | |
|---|--|---|--|
| Mellor deportista vilalbés/a 21/22 | | Mellor labor informativa/ comunicativa 21/22 | |
| Mellor equipo vilalbés/a 21/22 | | Mellor traxectoria deportiva 21/22 | |
| Mellor deportista promesa vilalbés/a 21/22 | | Mellor evento/actividade deportiva 21/22 | |
| Mellor club ou entidade deportiva 21/22 | | Mellor equipo/deportista con discapacidade 21/22 | |
| Mellor adestrador/a ou técnico/a deportivo 21/22 | | Mencións especiais | |
| Mellor club na labor no deporte base 21/22 | | | |

NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE RECOLLERÁ O PREMIO/MENCIÓN:

INTERVENCIÓN DE 1 MINUTO: SI NON

- Así mesmo necesitamos que acheguedes un **breve resumo dos logros (Anexo I)**, acadados para valorar o/a deportista/ club e unha FOTO (alta resolución).

Agradecendo a vosa colaboración.

Bases aprobadas por acorda da Xunta de Goberno de data 28/11/2022
Documento asinado dixitalmente á marxe

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: YHHSZ7WQW9H2AET4HZT6RR6H | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7